



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 08 DE MAIO DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00021677S.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria-urxente de data 29 de abril de 2023.
- Ordinaria de data 2 de maio de 2023.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00031614C.

Modificación da licenza de obra nova para construción de nave industrial sen uso definido na rúa País Vasco 49 e Extremadura 2.

Acórdase CONCEDER a SUMINISTROS CALEFÓN, S.L., autorización para a modificación de licenza de obra nova para construción de nave industrial sen uso definido na en Parcela G3c01i e G3c01j do Polígono da Sionlla na Rúa do País Vasco 49 e Rúa Extremadura 2, SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), segundo Proxecto modificado nº 2 co visado colexial de data 08/06/2022 e anexo co visado colexial de data 27/10/2022 cun Orzamento de Execución Material de 58.318,87€.

A actuación consistirá na construción dunha nave de uso industrial sen actividade definida, de planta soto e tres plantas (B+2+S), cunha ocupación en planta de 3.854,03 m², altura máxima de 12 metros e superficie construíble total de 8.861,31 m² (superficie útil de 8.215,95 m²)

A edificación está situada en solo clasificado como urbanizable no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza *Ordenanza 3. Edificación Semiadosada. Variante 3C do Plan sectorial*

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00019996K.

Licenza para a construción vivenda unifamiliar na rúa Casas Novoa, 62E.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 21/03/2023 outorgada ante notario, co número de protocolo 205. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

Segundo.-Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico visado o 27/04/2021 e o de execucion visado o 28/10/2022, e a documentación data 26.01.2023, cun orzamento de execución material de 183.308,98 €, construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Casas Novas 62E Santiago de Compostela (A Coruña).

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00047387S.

Licenza para obras na envolvente do edificio sito na rúa Fernando III el Santo, 9.

Acórdase conceder á comunidade de propietarios Fernando III el Santo 9 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico presentado o 20/10/2022 e a documentación aportada o 28/04/2023, cun orzamento de execución material de 449.404,19 €, obras na envolvente do edificio sito na rúa Fernando III el Santo 9 Santiago de Compostela (A Coruña).

5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00033167J.

Recepción das obras de “Rehabilitación interior do edificio “Casa das máquinas” na rúa Galeras nº 1”.

Autorízase o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Rehabilitación interior do edificio “Casa das máquinas” na rúa Galeras nº 1”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

A fin de acreditar o control e supervisión das obras e a idoneidade das mesmas para poder proceder á súa recepción, a empresa contratista das obras e a Dirección Facultativa deberán achegar á finalización efectiva da obra, e en todo caso, previamente ao acto de recepción, a documentación que figura no informe do arquitecto supervisor municipal de, procedendo a continuación levar a cabo o acto formal de recepción, logo do estado das obras.

6. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2023/00017011H.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda, correspondente á prestación do servizo de conservación, mantemento, reposición e implantación da sinalización horizontal e vertical, elementos de protección, ordenación e balizamento (CON/11/2015), correspondente ao mes de febreiro.

Acórdase:

Primeiro: Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico do termo municipal de Santiago, correspondente ó mes de febreiro de 2023.

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de trinta e dous mil trescentos dezasete con cincuenta e seis euros (32.317,56€), a prol da entidade ACEINSA, con imputación orzamentaria 060 13300 2270101 do orzamento.

Terceiro: Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar este prexuízo.

7. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00021677S.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 28 de abril ao 4 de maio de 2023.

URXENCIAS

8. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2023/00021785P

Creación de dúas actuacións administrativas automatizadas da Administración do Concello de Santiago de Compostela.

Acórdase:

Primeiro. Crear as actuacións administrativas automatizadas que se relacionan de seguido:

☑ Comunicación electrónica a Administracións Públicas e entidades de dereito público (actuación “comunicación a outra Administración”).

☑ Sistema de sinatura: selo electrónico de órgano denominado “Alcaldía do Concello de Santiago de Compostela” (creado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/02/2020).

☑ Selado bidireccional das comunicacións entre a aplicación municipal de xestión electrónica de facturas e gastos e o servizo web da plataforma de descarga de facturas FACE.

☑ Sistema de sinatura: selo electrónico de órgano denominado “Vicesecretaría do Concello de Santiago de Compostela” (creado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/02/2020).

Segundo. Os órganos responsables das actuacións administrativas automatizadas descritas serán os seguintes:

▣ A Secretaría Xeral da Corporación como órgano responsable da definición das especificacións destas actuacións administrativas automatizadas.

▣ O Servizo de Informática do Concello de Santiago de Compostela como órgano responsable da programación, mantemento, supervisión e control de calidade e, no seu caso, auditoría do sistema de información e do seu código fonte.

▣ O Concello de Santiago de Compostela como órgano responsable para os efectos de impugnación.

Terceiro. Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña para xeral coñecemento.